



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 29 DE MAIO DE 2020,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA**

- Decreto polo que amplía o período de loito oficial en Galicia, declarado polo Decreto 65/2020, do 30 de abril, por mor dos pasamentos producidos como consecuencia da pandemia do coronavirus.

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

- Decreto polo que se aproba o Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.

**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello das Neves de tres treitos antigos da estrada provincial EP-4006 Pontearreas-As Neves.

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA**

- Acordo polo que se valora favorablemente a tramitación pola Secretaría Xeral da Igualdade da iniciación de procedementos cara á concesión de subvencións tramitadas a través de convenios de colaboración, segundo o previsto no acordo do Consello da Xunta do 3 de abril de 2020, publicados por Resolucións do 3 de abril de 2020 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.
- Acordo polo que se aproba o Manual de instrucións para as persoas que integran as mesas electorais nas eleccións ao Parlamento de Galicia do 12 de xullo de 2020.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

- Acordo polo que se aproba o Protocolo polo que se establecen as medidas preventivas en materia de saúde pública fronte á covid-19 para o desenvolvemento da xornada electoral do 12 de xullo de 2020.

### CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza a aprobación da resolución de concesión directa de axudas para sufragar os gastos de aloxamento provisional das persoas propietarias de vivendas afectadas pola explosión de material pirotécnico de Tui producida o 23 de maio de 2018.

### CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que valora favorablemente a continuación pola Dirección Xeral de Mobilidade do proxecto de Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas destinadas a instalación de anteparos nos vehículos dedicados ás actividades de taxi e de aluguer con condutor e se procede á súa convocatoria (Código de procedemento: IF311A), por referirse a situacións estreitamente vinculadas ao estado de alarma.

### CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación da obra da Fase 0 do Plan Director do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, por un importe total de trece millóns oitenta e un mil oitocentos cincuenta e oito euros con setenta céntimos (13.081.858,70 €) e un valor estimado de dez millóns oitocentos once mil catrocentos cincuenta e tres euros con corenta e sete céntimos (10.811.453,47 €).

### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se aproba a actualización do Pladiga para o ano 2020.

## INFORMES

### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre as axudas para a instalación de medidas de protección para a reactivación da actividade de autónomos e pemes dos sectores do comercio, o turismo, os servizos e o transporte.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

- Informe sobre as axudas para traballadores incluídos en Ertes por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción e para persoas traballadoras a partir de 55 anos afectadas pola extinción do seu contrato.
- Informe sobre os apoios aos centros especiais de emprego e as empresas de inserción laboral.

### CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe sobre as medidas extraordinarias de conciliación de cara ao verán de 2020.

### CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe polo que se dá conta da contratación polo trámite de emerxencia do segundo subministro doutro material sanitario funxible para facer fronte á covid-19 nos centros da Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, por importe de douscentos oitenta mil dezasete euros con vinte e cinco céntimos (280.017,25 €).
- Informe polo que se dá conta da contratación polo trámite de emerxencia, do segundo subministro de material de laboratorio para facer fronte á covid-19 nos centros da Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, por importe de trescentos setenta e un mil seiscentos noventa e catro euros con cincuenta e dous céntimos (371.694,52 €).
- Informe polo que se dá conta da contratación polo trámite de emerxencia do primeiro subministro de diverso material non inventariable para facer fronte á covid-19 nos centros da Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, por importe de cincuenta mil cento cincuenta e nove euros con vinte e un céntimos (50.159,21 €).
- Informe polo que se dá conta da contratación polo trámite de emerxencia de diversas subministracións de materiais de hostalaría, para facer fronte á pandemia da covid-19, por importe de trescentos vinte mil cento sesenta e catro euros con trinta e nove céntimos (320.164,39 €).
- Informe polo que se dá conta da contratación polo trámite de emerxencia de diversas subministracións de informática e outras actuacións, para facer fronte á pandemia da covid-19, por importe de corenta e oito mil seis euros con vinte e oito céntimos (48.006,28 €).



## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre o Convenio de colaboración entre a Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, e diversas entidades financeiras para a formalización de préstamos preferentes para o anticipo das axudas (axudas directas e axudas FEADER SIXC) correspondentes á Política Agraria Común (PAC), relativas á Orde do 12 de febreiro de 2020 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao Sistema integrado de xestión e control.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A XUNTA AMPLÍA O LOITO OFICIAL EN GALICIA POLAS VÍTIMAS DO CORONAVIRUS  
ATA O 6 DE XUÑO

- *O Consello da Xunta decretou hoxe estender a declaración oficial de loito para o mes de maio seis días máis para harmonizalo co período establecido en todo o Estado*

O Consello da Xunta decretou hoxe ampliar a declaración de loito oficial en Galicia por mor dos pasamentos producidos como consecuencia da pandemia do coronavirus ata as 00.00 horas do 6 de xuño. O Goberno galego xa decretara no Consello da Xunta do pasado 30 de abril o loito oficial durante para todo este mes de maio.

Debido a que o Consello de Ministros declarou esta semana o loito oficial en todo o Estado desde o pasado mércores 27 de maio ata o 6 de xuño, o Goberno galego decidiu ampliar o que xa tiña declarado para o mes de maio para harmonizar ambos períodos. Durante estes días, as bandeiras ondearán a media hasta en todos os centros e edificios públicos dependentes da Xunta de Galicia.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

**A XUNTA APROBA O REGULAMENTO DA LEI DE PROTECCIÓN DA PAISAXE, QUE CONSOLIDA A GALICIA ENTRE AS COMUNIDADES MÁIS AVANZADAS NA MATERIA**

- *Convértese na única autonomía, xunto con Cataluña, en ter un marco normativo propio sobre paisaxe e completar o seu desenvolvemento regulamentario*
- *O documento busca garantir a protección, a xestión e a ordenación paisaxística en todo o territorio, incluído o espazo marítimo-terrestre e as augas interiores*
- *O contido do regulamento concreta, actualiza e clarifica algunhas das disposicións da Lei marco aprobada en 2008, pero tamén preceptos da Lei do Solo de 2016, que incorporou por primeira vez a consideración desta variable na actividade urbanística*
- *Co fin de outorgar maior seguridade xurídica, haberá que consultar ao Instituto de Estudos do Territorio sobre os proxectos suxeitos a avaliación ambiental e os seus informes terán carácter preceptivo para usos e actividades en solo rústico de especial protección paisaxística*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o Regulamento da Lei de protección da paisaxe de Galicia, un paso moi importante nas políticas paisaxísticas impulsadas nos últimos anos desde o Goberno galego e que consolida a posición pioneira da Comunidade nesta materia. Así, Galicia convértese na única rexión española, xunto a Cataluña, que conta cunha norma específica sobre paisaxe e consegue completar o seu desenvolvemento regulamentario.

O documento aprobado hoxe ten como principal obxectivo a protección, xestión e ordenación da paisaxe en desenvolvemento do previsto na Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia. A súa aplicación estenderase non só ao territorio de Galicia senón tamén á zona marítimo-terrestre e ás augas interiores.

Así mesmo e atendendo ao carácter transversal da paisaxe, o documento tamén regula aspectos da paisaxe recollidos na Lei do solo de Galicia de 2016, que foi a primeira en introducir a consideración desta variable na actividade urbanística.

Neste sentido, un dos aspectos máis salientables que regula o novo documento é a integración das políticas da paisaxe nas políticas territoriais e sectoriais, para o que se prevé que todo plan, programa ou proxecto derivados de políticas públicas deberá ter en consideración na súa elaboración os valores paisaxísticos e diferenciais das áreas ás que afecten ou sobre as que poidan ter algún impacto.

Do mesmo xeito, concreta e define cales serán os instrumentos necesarios para garantir esta integración. Así, nos instrumentos de ordenación territorial e urbanística realizarase un estudo da paisaxe do ámbito territorial ao que se refiran, e cando se traten de instrumentos de planeamento urbanístico deberán incorporar, a maiores, un estudo da paisaxe urbana, todo isto co fin de que acaden a mellor integración posible e minimicen o seu impacto.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Por outra banda, no documento inicial que se elabore para comezar a avaliación ambiental estratéxica ordinaria de calquera instrumento de ordenación territorial e urbanística incluírase o estudo da paisaxe, que deberá cumprirse nos aspectos nos que o plan ou programa vulnere determinacións normativas de carácter vinculante establecidas pola lexislación ou os instrumentos reguladores en materia paisaxística.

Outra das novidades que incorpora o regulamento é a clarificación do carácter e do alcance dos informes que debe emitir o órgano competente na materia, neste caso, o Instituto de Estudos do Territorio. Co fin de outorgar maior seguridade xurídica a certos procedementos administrativos, establécese a necesidade de que o órgano substantivo realice unha consulta paisaxística ao IET nos procedementos de avaliación de impacto ambiental de proxectos.

Tamén se regulan os estudos de impacto e integración paisaxística, que deberán establecer medidas preventivas ou correctoras para garantir o seu obxectivo. Terán carácter obrigatorio no caso de proxectos suxeitos a avaliación ambiental ordinaria, mentres que nos de avaliación simplificada esixíranse se se dan estas dúas circunstancias: que estean situados ou afecten a áreas de especial interese paisaxístico ou a espazos de interese paisaxístico delimitados polo Plan de Ordenación do Litoral, e que poidan producir impactos paisaxísticos de especial intensidade. Destes estudos solicitarase un informe de impacto paisaxístico ao Instituto de Estudos do Territorio, que será vinculante en canto á vulneración da normativa.

En desenvolvemento da Lei do Solo, o IET tamén terá que emitir un informe preceptivo para usos e actividades no solo rústico de especial protección paisaxística -salvo no caso de obras menores- e para usos e actividades compatibles co Plan de Ordenación do Litoral (POL). Así mesmo, será preceptivo obter o informe favorable do IET con carácter previo á licenza urbanística ou á autorización autonómica.

### **Contido e regulación de instrumentos de protección**

Cómpre lembrar que a Lei de protección da paisaxe de Galicia pretendeu servir de marco de referencia para outras lexislacións sectoriais e para aqueles plans e programas que poidan influír dalgún xeito na modificación, alteración ou transformación das paisaxes, en especial cando afecten a determinados espazos de alto valor natural e cultural. De feito, a paisaxe é unha variable extremadamente útil na ordenación do territorio.

En todo caso, con este novo regulamento a Xunta pretende garantir que o marco normativo aprobado en 2008 teña tamén unha tradución práctica e se actualicen algunhas das súas disposicións a consecuencia das novidades acontecidas desde entón, como poden ser a nova lexislación ambiental do Estado e a propia Lei do solo de Galicia. Ademais, preténdese aclarar determinadas disposicións da Lei, á luz da experiencia



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

adquirida. Con este fin, regula distintos instrumentos para acadar a protección da paisaxe de Galicia ou levar un control da súa evolución.

Entre os máis salientables cómpre mencionar a elaboración por parte do IET de Estudos para o Seguimento do Estado das Paisaxes así como dun Informe sobre o Estado da Paisaxe cada catro anos, que deberá presentar neste caso a Xunta ante o Parlamento; ou a regulación dos tres instrumentos esenciais para protexer e ordenar a paisaxe: Catálogos da paisaxe, Directrices de paisaxe e Plans de acción da paisaxe.

Por último, no desenvolvemento regulamentario da Lei 7/2008 tamén se recollen outros instrumentos e figuras complementarios como os Pactos pola Paisaxe entre administracións e axentes económicos e sociais dun mesmo territorio, a Estratexia Galega de Paisaxe como instrumento de planificación operativo que debe aprobar o Consello, ou os manuais e guías de boas prácticas que elaborará o IET para dar a coñecer os valores paisaxísticos de Galicia.

### **Novo fito en materia paisaxística**

A Lei de protección da paisaxe de Galicia foi a resposta da Xunta á crecente sensibilidade social nesta materia, elevándoa a rango de lei por vez primeira na comunidade. A súa entrada en vigor supuxo un importante avance no recoñecemento xurídico da paisaxe en Galicia e na posta en marcha de políticas destinadas á súa preservación, xestión e ordenación, entendéndoa como un elemento fundamental para a calidade de vida das persoas.

En todo caso, cómpre lembrar que a Xunta seguiu traballando na última década para sacar adiante diferentes normativas e ferramentas que tamén contribuíron á conservación, protección e mellora da xestión das paisaxes de Galicia. Concretamente, pódese mencionar a aprobación do Catálogo das Paisaxes, a regulación do Consello Asesor da Paisaxe ou a posta en marcha da Colección Paisaxe Galega, que integra varias guías de boas prácticas paisaxísticas.

Do mesmo xeito, tamén supuxeron logros importantes a aprobación da Lei do Solo e do seu regulamento, aos que se incorporou a consideración da paisaxe, a inclusión desta variable nas Directrices de ordenación do territorio (DOT), ou a súa utilización como ferramenta de análise no Plan de ordenación do litoral (POL).





## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

### O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DAS NEVES DE TRES TREITOS ANTIGOS DA ESTRADA PROVINCIAL QUE COMUNICA ESTA VILA CON PONTEAREAS

- *Estes treitos da estrada EP-4006 discorren polo núcleo urbano do Rabelo*
- *O departamento de Infraestruturas da Xunta ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades provinciais e locais*
- *O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico terá efecto desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello das Neves de tres treitos antigos da estrada provincial EP-4006 que comunica esta vila con Ponteareas.

O concello pontevedrés solicitou á Deputación provincial o cambio de titularidade do treito antigo da vía que discorre polo núcleo urbano do Rabelo, entre os puntos quilométricos 11 + 130 e 11 + 930.

A Administración provincial de Pontevedra acordou aprobar o cambio de titularidade a prol do Concello das Neves e emite informe favorable para a transferencia dos treitos antigos da vía provincial entre o punto quilométrico 11+130 e 11+650, o punto 11 + 750 e o 11 + 850, e o 11 + 900 e 11 + 970.

A transferencia a prol do Concello das Neves tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, a proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade como competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo Executivo autonómico, o Concello terá a competencia para actuar nesta vía e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

**A XUNTA RENOVARÁ A COLABORACIÓN CON ALAR GALICIA PARA A REHABILITACIÓN DE MENORES AGRESORES DE VIOLENCIA DE XÉNERO**

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe dar continuidade a este convenio asinado o ano pasado coa organización e apoiará con 25.000 euros o Proxecto Fénix, unha iniciativa pioneira de reeducación para menores con medidas xudiciais por violencia*
- *Tamén se deu luz verde á continuar este ano co apoio ás tres universidades galegas que no acordo deste ano inclúe actuacións con menores agresores e de formación, prevención e sensibilización sobre a violencia de xénero e sexual*
- *Os tres acordos enmárcanse no desenvolvemento das medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero*

O Consello da Xunta autorizou hoxe dar continuidade a tres convenios de colaboración da Secretaría Xeral da Igualdade para a concesión de axudas no marco do Pacto do Estado contra a Violencia de Xénero. Trátase dos acordos coa asociación Alar Galicia para proxectos de inserción sociolaboral e coas tres universidades galegas.

A través do convenio coa asociación Alar Galicia renovarase a colaboración para desenvolver o *Proxecto Fénix*, dirixido á posta en marcha de medidas de intervención integral con menores agresores de violencia de xénero, co obxectivo de acadar a súa rehabilitación, reducindo a súa agresividade e previndo danos á vítima. Esta iniciativa pioneira de reeducación para menores con medidas xudiciais por violencia contará este ano cunha achega de 25.000 euros por parte do Goberno galego.

Tamén se autorizou hoxe a renovación dos convenios asinados entre a Xunta e as tres universidades galegas o ano pasado para desenvolver medidas previstas no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero como reforzar e ampliar os valores igualitarios e a educación afectivo-sexual ou incluír en todas as etapas educativas a prevención da violencia de xénero, entre outras. O importe total dos tres convenios de colaboración será de 120.000 euros, concretamente 40.000 euros para cada unha das tres universidades.

En virtude destes acordos, as universidades desenvolverán medidas previstas no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. No caso das institucións académicas de Santiago de Compostela e Vigo, as actuacións están encamiñadas tamén a intervencións con menores agresores de violencia de xénero, mentres que na Universidade da Coruña se destinarán estas subvencións a actividades de formación, prevención e sensibilización sobre a violencia de xénero e sexual entre a comunidade universitaria.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

### A XUNTA APROBA O MANUAL DE INSTRUCCIÓN PARA AS PERSOAS QUE INTEGRAN AS MESAS ELECTORAIS DOS COMICIOS DO VINDEIRO 12 DE XULLO

- *O documento inclúe unha descrición detallada das distintas fases da xornada electoral, desde as 8,00 horas ata o remate do escrutinio, con instrucións precisas e concretas do labor das persoas que integran a mesa*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Manual para as persoas que integran as mesas electorais nas eleccións ao Parlamento de Galicia do 12 de xullo de 2020. Este manual vai dirixido ás persoas designadas por sorteo para formar parte dunha mesa electoral nos vindeiros comicios, co fin de que se familiaricen co seu labor como integrante dunha mesa e poidan desempeñar con eficacia cometido que lle foi asignado.

As medidas do manual quedan tamén suxeitas ás indicadas no protocolo de prevención de medidas sanitarias co obxectivo de garantir ao máximo a saúde de todos os galegos e galegas durante a xornada electoral.

Estes manuais serán remitidos pola Xunta de Galicia aos concellos antes do 13 de xuño, data na que comezarán os sorteos públicos para a designación das persoas que integrarán as mesas electorais, e que se poderán producir ata o 17 de xuño.

O primeiro apartado do manual trata sobre as mesas electorais e as persoas que as integran, e nel explícase como e por que se designan cidadáns como integrantes das mesas, a composición e funcións destas, e os dereitos e obrigas dos seus membros: presidentes e vogais. Así mesmo inclúese unha descrición detallada das distintas fases da xornada electoral, desde as 8,00 horas ata o remate do escrutinio, con instrucións precisas e concretas do labor que deben desenvolver os membros da mesa.

A primeira fase é a constitución da mesa electoral e comprende desde as 8,00 horas, que se celebra a reunión no local electoral, ata a extensión da acta de constitución da mesa electoral ás 8,30 horas. A segunda fase é a de votación, desde a apertura do colexio electoral ás 9,00 horas ata a finalización da votación ás 20,00 horas.

Finalmente, descríbese a fase de escrutinio, na que se realiza o recuento de votos, a extensión das actas de escrutinio e de sesión, e a preparación da documentación electoral que será entregada en Correos e no xulgado de primeira instancia ou de paz.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

**A XUNTA FACILITARÁ MEDIOS DE PROTECCIÓN A TODOS OS VOTANTES E MEMBROS DAS MESAS ELECTORAIS NAS ELECCIÓN DO 12 DE XULLO**

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe o Protocolo que fixa as medidas preventivas para a xornada electoral*
- *O documento conta co visto bo do comité clínico e foi avaliado tamén coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp)*
- *Inclúe medidas de protección individual, colectiva e a nivel organizativo co obxectivo de protexer a saúde de todos os galegos e galegas*
- *A Xunta farase cargo de todos os custos adicionais que suporá a implementación destas medidas preventivas*
- *Será obrigatorio o uso da máscara nos locais electorais, así como hixienizar as mans antes de facer entrega do voto*

A Xunta facilitará medios de protección -como máscaras e xel hidroalcolico- a todos os votantes e membros das mesas electorais que participen nas eleccións do 12 de xullo. Así se recolle no protocolo de medidas de prevención sanitaria aprobado hoxe polo Consello da Xunta, que ten como obxectivo garantir ao máximo a saúde de todos os galegos e galegas durante a xornada electoral. O documento xa foi avaliado coa Federación Galega de Municipios e Provincias e conta co visto bo de saúde pública e do comité clínico.

O Protocolo establece unha serie de medidas e recomendacións, que van desde as pautas de protección individual ata outras actuacións de carácter máis organizativo.

Así, o uso da máscara será obrigatorio para os electores: poderán levar a que traian do domicilio ou facer uso dalgunha das que a Xunta porá á súa disposición no local electoral. O uso da máscara tamén será de uso obrigado para os membros das mesas, que contarán con catro cada un para poder renoualas, así como cunha pantalla facial.

Os electores deberán tamén hixienizar as mans de forma obrigatoria antes de facer entrega do seu voto, empregando o xel hidroalcolico que haberá en todos os locais. Os membros da mesa tamén terán a súa disposición os produtos de hixiene necesaria para poder limpar as mans de forma frecuente. Ademais, e para evitar contactos, dispórase dun dispositivo -como unha bandexa- para que se poida depositar aí o documento identificativo no momento do voto sen que teña que ser manipulado polos membros das mesas.

Neste punto, cómpre ter en conta que a Xunta recomenda aos membros que sexan chamados para as mesas que teñan máis de 65 anos ou pertencen a grupos especialmente vulnerables que aleguen estas circunstancias ante a xunta electoral correspondente no prazo previsto de sete días logo de recibir a notificación. Trátase

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

dunha recomendación, en tanto non depende da Xunta o chamamento ás mesas electorais.

En canto ás medidas xerais, estas refírense fundamentalmente a evitar aglomeracións e garantir o respecto ás distancias. Así, o Protocolo establece que se procurará manter a distancia de seguridade de dous metros cando sexa posible e, cando non, deberase gardar en todo caso unha distancia dun metro, tendo en conta que todas as persoas estarán usando equipamentos de protección.

Nesta mesma liña, tamén se organizará a entrada dos votantes, que deberán acceder por norma xeral de forma individual. Priorizarase a entrada dos maiores de 65 anos ou das persoas con algún tipo de discapacidade.

En todos os locais, a Xunta colocará cartelería para facilitar o seguimento das pautas sanitarias, así como para indicar os fluxos de circulación dentro dos locais. Tamén se intensificará a ventilación e as actuacións de limpeza e desinfección, tanto antes como durante a xornada e facendo fincapé nas superficies máis expostas.

Para comprobar que todas as pautas se cumpren, a Xunta porá en marcha un equipo de máis de 130 profesionais, que contarán coa formación axeitada para vixiar que o protocolo se está cumprindo nos locais electorais e que traballarán en colaboración cos concellos. Ocuparanse de visitar os espazos antes da xornada electoral e tamén o farán durante o propio día, mediante roldas de visitas.

Todo o custo adicional que suporá a implantación destas medidas (material de protección, limpeza, control dos accesos, instalación de cartelería...) correrá a cargo da Xunta en tanto é a administración organizadora.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

### A XUNTA MANTERÁ ATA FINAIS DE 2020 AS AXUDAS AO ALUGUEIRO AOS AFECTADOS POLA EXPLOSIÓN PIROTÉCNICA DE PARAMOS QUE AÍNDA NON PUIDERON REGRESAR ÁS SÚAS VIVENDAS

- *Decide prorrogar ata decembro as subvencións, que inicialmente remataban en maio, xuño e novembro deste ano*
- *A ampliación da medida beneficiará a nove familias e suporá un investimento adicional de 23.500 euros*
- *O Goberno galego xa pagou todas as axudas de reconstrución e rehabilitación, por un importe de máis de 3,04 millóns de euros*

A Xunta de Galicia prorrogará ata finais de 2020 as axudas destinadas ao pago do alugueiro das persoas afectadas pola explosión da pirotecnia de Paramos, no Concello de Tui, que aínda non puideron regresar ás súas vivendas por atoparse en proceso de rehabilitación e reconstrución. Así o acordou esta mañá o Consello, que deu o visto e prace a unha medida da que se beneficiarán un total de nove familias, que terán garantida esta subvención ata o mes de decembro.

Os perceptores das axudas -que suporán un investimento de 23.500 euros- aínda non remataron a rehabilitación das súas vivendas como consecuencia da demora no inicio das obras, derivada tanto das limitacións de acceso á zona afectada como pola contaminación do ámbito polo amianto. Ademais, a paralización dos traballos de construción debido á declaración do estado de alarma pola covid-19 atrasou aínda máis os traballos e tivo un impacto económico negativo para moitas destas familias, colocándoas nunha situación de desamparo.

Todos os beneficiarios tiñan concedidas axudas ao alugueiro que remataban nos meses de maio, xuño e novembro de 2020, pero coa prórroga acordada hoxe polo Consello da Xunta, as mesmas prolongaranse ata decembro. Desta maneira, sete das familias afectadas verán como a axuda se prolonga durante sete meses, mentres que nos dous casos restantes a prórroga será de seis e dun mes, respectivamente. O importe das axudas oscila entre os 300 e 450 euros mensuais.

#### Importe mobilizado

Cómpre lembrar que esta liña de subvencións ao alugueiro foi concedida a un total de 23 familias cuxas vivendas quedaron inhabitables a consecuencia da explosión da pirotecnia de Paramos, ocorrida en maio do ano 2018. A meirande parte delas xa puideron regresar ás súas vivendas, rehabilitadas grazas ás axudas concedidas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS).

Ata o momento, o organismo dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda leva pagados preto de 3,19 millóns de euros en axudas aos afectados pola explosión. Deste total, 3,04 millóns corresponden ás achegas realizadas para a



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

reconstrución e rehabilitación de vivendas e para o enxoval doméstico danado, unha contía que xa foi aboada na súa totalidade. E outros 148.863 euros destináronse a axudas ao alugueiro, pagadas mensualmente e ás que se sumarán os importes correspondentes ao que queda de 2020, tras o acordo autorizado esta mañá polo Consello da Xunta.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

### O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS AXUDAS PARA A INSTALACIÓN DE ANTEPAROS NOS TAXIS E NOS VEHÍCULOS DE ALUGUER CON CONDUTOR POR IMPORTE DE 300.000 EUROS

- *O Executivo autonómico autoriza á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade á súa convocatoria, como medida de reforzo da protección dos profesionais e dos usuarios fronte á covid-19*
- *Financiarase un máximo de 75 euros por anteparo e vehículo*
- *Os beneficiarios deberán presentar unha solicitude independente por cada autorización de taxi ou VTC co correspondente xustificante de adquisición*
- *Subvencionaranse os anteparos que se instalen entre o 1 de marzo e o 31 de xullo, data na que rematará o prazo para solicitar as axudas*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a tramitación da orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas destinadas á instalación de anteparos nos vehículos de turismo dedicados ás actividades de taxi e de aluguer con condutor, cun investimento autonómico de 300.000 euros.

O Executivo autonómico autorizou á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade a continuar a tramitación para a convocatoria de axudas aos titulares de autorizacións destas actividades de transporte público domiciliados en Galicia.

Con esta medida, o Goberno galego quere reforzar as actuacións de prevención da transmisión da covid-19 pensando, tanto nos profesionais do sector, como nas persoas usuarias destes servizos.

Mediante esta orde subvencionarase o custo xustificado de adquisición do anteparo, ata o importe máximo de 75 euros por anteparo e vehículo.

Os interesados deberán presentar, exclusivamente por medios electrónicos, unha solicitude independente para cada autorización de taxi o VTC da que dispoñan.

O período no que se deben adquirir e pagar os anteparos será ente o 1 de marzo e o 31 de xullo deste ano, cando rematará o prazo de solicitude destas axudas.

A actuación debe estar executada cando se solicite a dita axuda, polo que coa solicitude deberán achegar copia da factura e do xustificante de pagamento por transferencia ou mediante tarxeta bancaria.





INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

**A XUNTA AUTORIZA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DA FASE 0 DO CHUAC POR 13 MILLÓNS DE EUROS**

- *Estas obras permitirán a creación dos Hospitais de Día de Oncoloxía, Alergoloxía, Hematoloxía e Polivalente, ademais da ampliación do servizo de urxencias e de coidados intensivos*
- *A ampliación do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña suporá un investimento total estimado de 395 millóns de euros, dobrando a superficie hospitalaria actual, co obxectivo de mellorar a atención especializada na área coruñesa*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a contratación da obra da Fase 0 do Plan Director do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña que contará cun orzamento de 13.081.858 euros. Estas obras permitirán a creación dunha nova área de Hospitais de Día, aumentarán a dotación de camas cunha nova planta de hospitalización e ampliarán os servizos de urxencias así como as camas para coidados intensivos.

Así, as actuacións contempladas para a Fase 0 recollen unha serie de intervencións en varias plantas no actual Hospital Público da Coruña. Na primeira planta vaise traballar na antiga central de esterilización para, deste xeito, ampliar os servizos de Farmacia, Urxencias e Mantemento. Coa ampliación das Urxencias habilitarase unha sala de observación con 4 boxes e 10 camas-sillóns, ademais de control de enfermería e aseo nun total de 150 metros cadrados. Pola súa banda o servizo de Farmacia pasará a ocupar unha extensión de 250 metros cadrados, mellorando notablemente a súa capacidade.

Na cuarta planta as obras realizaranse nas antigas Urxencias para situar os Hospitais de Día de Oncoloxía, Alergoloxía, Hematoloxía, Polivalente e a Oficina de coordinación de transplantes, ademais de reformar o acceso exterior. Esta creación da nova área de hospitais, con 102 postos previstos, é fundamental para o futuro do CHUAC, debido ao aumento dos procesos ambulatorios que evitan ingresos innecesarios e permite afrontar mellor os retos da cronicidade e das terapias mínimamente invasivas. Estes novos Hospitais de Día permitirán a creación de 32 locais que posibilitarán un uso máis racional dos espazos existentes na actualidade para as consultas externas de especialidades médicas e cirúrxicas.

Ademais se contemplan obras na quinta planta, na área dos antigos quirófanos, para situar unha nova unidade de Hospitalización con 18 habitacións e 29 camas, distribuídas en 7 habitacións individuais e 11 habitacións con dúas camas. Na sexta planta tamén se vai traballar na zona dos antigos quirófanos, nesta ocasión para situar as Unidades de Coidados Intensivos de politraumatizados e Coidados Intermedios, con 15 camas cada unha. Na actualidade o Chuac conta con tres ucis, distribuídas nas plantas quinta e sexta. O traslado das dúas ucis da planta quinta á sexta permitirá crear un espazo



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

maior, con mellor aproveitamento das zonas comúns (tanto de traballo dos profesionais como de descanso) e mellorar a humanización. Ademais a creación de dunha nova unidade de hospitalización con 18 habitacións e 29 camas, distribuídas en 7 habitacións individuais e 11 habitacións de dúas camas.

### Plan Director do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña

O novo Hospital Público da Coruña duplicará a superficie actual con máis de 200.000 metros cadrados. Contará cun aumento do 108% de postos en urxencias, cun 49% máis de consultas, cun 30% máis de quirófanos; cun 15% máis de camas, das que o 55% serán individuais; e cun 90% máis de postos de hospital de día.

Esta nova infraestrutura contará cun investimento de 395 millóns de euros, que se sumarán aos 100 millóns de euros que xa se investiron para renovar o 70% do hospital actual.

O novo hospital responderá ás dúas prioridades marcadas cando se iniciou o proxecto. Por unha banda, seguir mellorando a sanidade pública da Coruña, dando resposta ao incremento de demanda que se prevé no futuro. Pola outra, seguir mellorando a Sanidade pública no seu conxunto. Uns obxectivos aos que tamén contribuirá o edificio de investigación que complementará ao novo hospital, dando o respaldo docente, de investigación e de innovación.

Logo de analizar as distintas posibilidades de construción, e se ben desde o punto de vista sanitario a capacidade asistencial estaba garantida, coa ubicación definitiva ao carón do CHUAC poderanse dar xa pasos inmediatos como o que se refire á execución da obra con esta Fase 0 e co edificio de investigación, o que adiantará en tres ou catro anos a data de remate e posta a disposición desta nova infraestrutura. Ademais permitirá que a entrega do novo hospital poida realizarse por fases, segundo se vaian rematando.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

### A XUNTA APROBA O PLADIGA 2020 REFORZANDO A PREVENCIÓN E ADAPTANDO A LOITA CONTRA O LUME ÁS ESIXENCIAS DA EMERXENCIA SANITARIA

- *O Consello do Goberno galego deu o seu visto bo definitivo ao documento, tras o seu paso polo Consello Forestal*
- *O operativo anti incendios estará integrado en total por máis de 7.000 persoas, contabilizando tanto os profesionais propios da Xunta como os adscritos a outras administracións, que disporán de 360 motobombas, entre outros medios*
- *Con respecto aos medios aéreos, o Pladiga ten entre as súas novidades a dotación de maior capacidade de transporte de auga e a incorporación dun total de dez drons, tanto para vixilancia e disuasión como para dar apoio á extinción*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga 2020), tras o seu paso -onte- polo Consello Forestal de Galicia. Este plan ten como obxectivo xeral o de reducir ao máximo posible, tendo en consideración os recursos dispoñibles, as consecuencias ecolóxicas, económicas e sociais producidas polos incendios forestais na nosa Comunidade.

O Pladiga 2020 mantén, en liñas xerais, o esforzo en materia de medios e persoal de loita contra o lume, incorporando algunhas novidades importantes, como son a súa adaptación ás condicións establecidas pola emerxencia sanitaria a causa da covid-19 e, especialmente, a implementación dun completo e detallado plan de prevención. Así, o dispositivo humano é moi semellante ao de anos anteriores, pero con maior presenza temporal dos efectivos sobre o territorio, xa que o persoal fixo discontinuo permanecerá despregado seis meses, un máis que na anterior campaña.

O operativo estará integrado en total por máis de 7.000 persoas, contabilizando tanto os profesionais propios da Xunta como os adscritos a outras administracións, que terán á súa disposición 360 motobombas, entre outros medios terrestres. Con respecto aos medios aéreos, o Pladiga 2020 ten entre as súas novidades a dotación de maior capacidade de transporte de auga e a incorporación dun total de dez drons, tanto para vixilancia e disuasión como para prestar apoio á extinción.

No que respecta á adaptación do Pladiga á emerxencia sanitaria, o documento ten en conta os protocolos necesarios para permitir o traballo do persoal en condicións óptimas de seguridade e hixiene. Así, a Consellería do Medio Rural estableceu máis dunha ducia de instrucións e protocolos para os profesionais do Servizo, con esa finalidade. A implementación destas guías e protocolos foi trasladada tamén aos representantes dos traballadores en diferentes reunións de traballo e integrada no Pladiga 2020.

Nesta liña, cómpre destacar tamén o esforzo realizado polos axentes ambientais e bombeiros forestais do Servizo durante a emerxencia sanitaria, levando a cabo case 7.000 desinfeccións nos exteriores dos centros de saúde, residencias de maiores e



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

discapacitados e outro tipo de instalacións, como parte da súa colaboración voluntaria para previr o contaxio do coronavirus. As desinfeccións leváronse a cabo de forma recorrente en ata 200 municipios galegos con menos de 5.000 habitantes.

### Prevención

A prevención ocupa, así mesmo, un lugar destacado no Pladiga 2020, cun plan monográfico que foi aprobado polo Goberno galego o pasado día 8 de maio e que suporá un investimento de 30,5 millóns de euros para actuar, con traballos preventivos, en preto de 46.000 hectáreas e en case 5.800 quilómetros de pistas e estradas. Ademais, prevé a construción de 121 novos puntos de auga e o mantemento dos 3.207 xa existentes, entre outras medidas.

A través desta planificación preventiva recóllense, sobre todo, accións sobre o territorio, que se concretan en traballos silvícolas preventivos, na creación e mellora de infraestruturas de defensa e en intervencións de mellora da xestión forestal e das súas producións que redunden nun incremento do valor do monte, incidindo sobre todo na defensa das vivendas fronte ao lume. Unhas actuacións que se iniciaron o pasado luns 18 de maio e que se prolongarán, en principio, ata o 13 de xullo, sempre que o permitan as condicións climatolóxicas.

Dentro do Pladiga 2020 actualízase tamén a información relativa ás Parroquias de Alta Actividade Incendiaria (PAAI). Neste caso, o número delas redúcese este ano en máis do 60%, ao pasar das 71 existentes no 2019 a 28 este ano. Esta cifra axústase cada ano en función de criterios técnicos, relacionados ou ben co número de lumes rexistrados nestas parroquias ou ben coa súa virulencia.

En canto ás melloras tecnolóxicas, o Pladiga 2020 potencia as aplicacións informáticas coas que conta o persoal do servizo para a loita contra o lume. Así, intégranse novas funcionalidades, como a visualización actualizada de imaxes vía satélite, a compartición de pantalla entre varios usuarios ou a implementación de *shapes* (formas, siluetas) provisionais de evolución do lume.

Ademais, tamén se contará con información en tempo real, para a xestión dun incendio sobre o territorio, nas propias *tablets* das que dispoñen actualmente os axentes e técnicos. Inclúense datos cartográficos actualizados como puntos de auga, límites administrativos ou espazos protexidos, así como busca de topónimos e puntos quilométricos, localización GPS dos recursos asignados, rutas de acceso seguidas polos primeiros recursos en chegar, información da evolución do lume e fotografía xeorreferenciada ou capacidades de edición para indicar puntos de encontro, devasas, perímetros provisionais do lume, etc.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

### A XUNTA FACILITA A REACTIVACIÓN DE 27.000 AUTÓNOMOS E PEMES DO COMERCIO, O TURISMO, O SECTOR SERVIZOS E O TRANSPORTE A TRAVÉS DE AXUDAS QUE IMPULSAN A INSTALACIÓN DE MEDIDAS DE PROTECCIÓN PARA TRABALLADORES E CLIENTES

- *O Goberno galego destina 16 millóns de euros ao programa Reactiva Comercio, Turismo e Servizos Seguros, co que busca facilitar a volta á actividade achegando a máxima confianza aos consumidores*
- *Apoiarase a adquisición de equipos de protección, a adaptación dos espazos, a realización de obras e a posta á disposición de información para os clientes, e as actuacións poden estar xa realizadas desde a declaración do estado de alarma*
- *As axudas para os establecementos de menos de 10 traballadores e menos de 300 m<sup>2</sup> cubrirán o 100% do investimento, ata 1200 euros*
- *Os apoios para os locais de maiores dimensións acadarán o 80% do gasto realizado, cunha axuda máxima de 3000 euros*
- *Para participar é preciso cubrir primeiro o cuestionario da plataforma gratuíta online Comercio Seguro, coa que calquera negocio pode obter unha análise do seu nivel de preparación fronte ás necesidades de prevención e planificar as medidas que se deben acometer*

A Xunta destina 16 millóns de euros á nova liña de axudas destinada aos sectores do comercio, o turismo, os servizos e o transporte para facilitar a súa volta á actividade achegando a máxima confianza aos consumidores no novo contexto económico. Así, tal e como se informou hoxe no Consello da Xunta, o programa Reactiva Comercio, Turismo e Servizos Seguros –no que colaboran as consellerías de Economía, Emprego e Industria; Cultura e Turismo; e Infraestruturas e Mobilidade– achegará apoios inmediatos a máis de 27.000 establecementos galegos para que pemes e autónomos poidan instalar medidas de protección para traballadores e clientes. As iniciativas subvencionadas poden ser novas ou estar xa realizadas desde a declaración do estado de alarma.

Mediante unha tramitación rápida e sinxela –que inclúe a achega de anticipos no momento da resolución favorable da axuda pola metade da contía dos investimentos realizados– poderán solicitar estes apoios autónomos e pemes do sector comercial, turístico, dos servizos e do transporte.

As axudas destinaranse a cubrir os gastos realizados para a adquisición de medios de protección e hixiene para o persoal e clientes do establecemento, así como medidas de reforzo de limpeza e de desinfección dos locais; a adaptación dos espazos con equipamento de seguridade e redución do contacto entre persoas; a realización das obras de renovación, limpeza e ventilación do aire; e a posta á disposición dos clientes de información relativa ás medidas hixiénicas e de protección.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

En concreto, para os establecementos comerciais achegará axudas directas aos comercios de proximidade e perruquerías de menos de 10 traballadores e menos de 300 m<sup>2</sup> financiando o 100% das medidas activadas, a partir dun mínimo de 300 euros ata un máximo de 1200 euros. Para facilitar a xestión, os solicitantes –ao igual que os potenciais beneficiarios vinculados ao sector servizos– terán a posibilidade de utilizar o *Igape Responde*, a xanela única de consulta habilitada pola Xunta para asesorar a autónomos e pemes sobre as liñas postas en marcha para impulsar a reactivación da actividade empresarial e comercial.

Por outra banda, tamén se ofrecerán apoios directos do 80% do investimento a pemes de menos de 50 traballadores, tanto do terceiro sector como do comercio, nas accións de seguridade precisas, desde un mínimo de 1500 euros de investimento ata un máximo de 3750, sendo polo tanto a axuda máxima de 3000 euros. Neste caso, os gastos subvencionables tamén inclúen a formación específica das persoas para aplicar protocolos e prácticas de seguridade adaptados ás normativas e recomendacións sanitarias e os custos relacionados coa obtención de certificacións de garantía de seguridade fronte á covid-19.

### Industria turística

O turismo e a hostalería poderán optar a esta nova iniciativa da Xunta coa que se busca a reactivación da economía galega tras a covid-19. Neste caso en concreto, e no marco do programa *Galicia destino seguro*, as axudas da Consellería de Cultura e Turismo –que tamén nacen do diálogo e a colaboración cos distintos axentes desta industria– favorecerán a adaptación do sector á nova situación, promocionando a nosa Comunidade como un destino fiable e de calidade.

En liña co resto de convocatorias, as axudas a establecementos de hostalería e restauración, axencias de viaxes e outros locais turísticos, de menos de 10 traballadores e menos de 300 m<sup>2</sup>, tamén cubrirán o 100% do investimento, ata 1200 euros desde un mínimo de 300 euros.

Os apoios ás pemes de menos de 50 traballadores acadarán o 80% dos investimentos realizados, desde un mínimo de 1500 euros ata un máximo de 3750, sendo polo tanto a axuda máxima de 3000 euros.

Intégrase no *Pacto por un destino seguro*, en virtude do cal a Xunta e o sector turístico desenvolverán unha batería de accións en materia de seguridade sanitaria para mellorar a información, asesoramento e formación das empresas e profesionais.

Precisamente, no marco desta iniciativa, está previsto habilitar un teléfono de asesoramento que permitirá resolver as dúbidas neste eido formuladas por parte das empresas do sector. Ademais, este luns arrincou un plan de formación en materia de seguridade sanitaria impartido polo Centro Superior de Hostelería de Galicia (CSHG) e as

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

entidades sectoriais e provinciais cunha oferta inicial de 50.000 prazas en 500 accións formativas de carácter xeral adaptadas ás especificidades de cada subsector e cada área xeográfica.

**Sector do transporte**

En canto ao sector do transporte, poderán beneficiarse destas axudas os profesionais do transporte terrestre e marítimo de pasaxeiros (agás o sector do taxi para o que se teñen habilitado axudas específicas), o transporte de mercadorías por estrada e todas aquelas actividades anexas ao transporte terrestre. Empresas e autónomos deste sector poden ser potenciais beneficiarios de axudas de ata 3000 euros para implantar medidas ou dotarse de material de protección e hixiene.

**Plataforma gratuíta de autodiagnóstico *online***

O programa Reactiva Comercio, Turismo e Servizos Seguros súmase á nova plataforma gratuíta de autodiagnóstico *online* que vén de activar a Xunta, que xa está en funcionamento e coa que calquera negocio pode obter unha análise do seu nivel de preparación fronte as necesidades de prevención e planificar as medidas que se deben acometer.

Dispoñible no enderezo web [comerciosegurogalicia.com](http://comerciosegurogalicia.com), esta ferramenta achega as claves para garantir seguridade e confianza á clientela na volta á actividade, con diferentes recomendacións sanitarias e de prevención. Coa presentación das solicitudes para acollerse as axudas do programa, os solicitantes deben presentar o informe de autodiagnóstico que proporciona esta plataforma.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

### A XUNTA APROBA AXUDAS POR 8M€ PARA COMPLEMENTAR AS PRESTACIÓNS DE MENOR CONTÍA DE TRABALLADORES AFECTADOS POR ERTES E PARA MAIORES DE 55 ANOS QUE PERDERON O SEU EMPREGO

- *A medida, que beneficiará a un total de 9000 familias, é froito dos acordos do diálogo social con sindicatos e empresarios*
- *A Administración autonómica contribúe, deste xeito, a apoiar con 6M€ aos traballadores cunha menor renda a partir do 1 de xullo, cando finalicen as condicións específicas dos ertes por forza maior*
- *Por outra parte, resérvanse 2M€ para persoas traballadores de 55 ou máis anos que estean afectadas pola extinción de contratos por empresas en crise*

A Consellería de Economía, Emprego e Industria informou esta mañá, na reunión do Consello da Xunta de Galicia, do acordo que onte se trasladou na mesa do diálogo social de destinar 8 millóns de euros a apoiar a 9000 traballadores, tanto incluídos en expedientes de regulación temporal de emprego (Erte) por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción, como empregados a partir de 55 anos afectados pola extinción do seu contrato.

A medida supón duplicar a cantidade que estaba fixada nos Acordos do Diálogo Social asinados entre o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) e os sindicatos CCOO e UGT co obxectivo de paliar o impacto da covid-19 na actividade empresarial e no emprego.

Trátase de dúas liñas. A primeira, destinada a Ertés por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción motivados pola covid-19, que contará cun orzamento de 6M€. Neste caso, a finalidade é apoiar ás empresas e ao seu persoal mentres dura dito expediente de regulación de emprego. Como criterio xeral, o Erte debe afectar a un máximo de 300 traballadores por centro da empresa. Inclúe apoios cun dobre obxectivo: compensar a perda adquisitiva dos empregados e compensar á empresa os custos de formación.

A Xunta contribúe, deste xeito, a complementar as prestacións dos traballadores con menores niveis de renda e aplicarase a partir do 1 de xullo, unha vez finalicen as condicións dos Ertés por forza maior.

Por outra banda, destinaranse 2M€ a axudas para persoas traballadoras con 55 ou máis anos de idade que estean afectadas ao longo deste ano por extinción de contratos por empresas en crise. Inclúe dous programas: un de financiamento das cotas a ingresar polo convenio especial que estea suscrito ou subscriban co límite de 500 euros ao mes e un total de 12.000 euros (24 mensualidades); e outro de pagamento único dirixido a compensar a diminución do importe da indemnización recoñecida como consecuencia da sentenza, auto ou conciliación, por mor dos despedimentos ou extincións de contrato





XUNTA  
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

cando esta é abonada polo Fogasa. A cantidade non poderá superar a deixada de percibir en concepto de indemnización.



UNIÃO EUROPEA

FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REXIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

### GALICIA BLINDA OS APOIOS AOS CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO E ÁS EMPRESAS DE INSERCIÓN ANTE O NOVO CONTEXTO SOCIOECONÓMICO

- *A Xunta garante que con esta decisión que as consecuencias da covid-19 non supoñan para este sector un prexuízo de cara á súa permanencia como empresa de economía social e á obtención das axudas autonómicas*
- *Estes programas permiten o mantemento do emprego a 3300 persoas con dificultades para acceder ao mercado laboral, por ter discapacidade ou estar en situación de exclusión social*
- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria ratifica o seu compromiso con este colectivo tan vulnerable, nun momento de gran dificultade, ao que este ano destina 42M€ para impulsar a súa integración laboral*
- *O Goberno autonómico mantén a súa aposta pola economía social, un modelo centrado nas persoas, integrador, que proporciona emprego de calidade e contribúe a unha redistribución da riqueza máis equitativa*

A Xunta blindo os apoios aos centros especiais de emprego (CEE) e ás empresas de inserción laboral (EIL), tal e como se recolle nun informe da Consellería de Economía, Emprego e Industria avaliado hoxe no Consello do Goberno galego. Deste xeito, garante que as dificultades que poidan sufrir estas entidades como consecuencia da covid-19 non supoñan prexuízo algún de cara á súa permanencia como empresa de economía social nin para obter as axudas autonómicas.

Grazas a esta medida, o cese de actividade, a suspensión de contratos ou a redución de xornada derivados da pandemia -mentres estean vixentes as medidas de protección de emprego asociadas a esta- considerarase producido por causa de forza maior para que poidan manter a cualificación e a percepción das axudas.

En concreto, para o mantemento da cualificación non se terá en conta nin o cese temporal de actividade nin os períodos de suspensión de contratos ou de redución de xornada que se utilizan no cómputo das ratios; á hora de acceder a axudas non será un impedimento que a persoa estea afectada por un expediente de regulación temporal de emprego; tamén se adaptan os criterios para considerar subvencionables os contratos; e poderase autorizar formación non presencial, entre outras cuestións.

Coa aplicación destas medidas en programas que se están executando -como os apoios a empresas de inserción laboral, aos centros especiais de emprego ou na formación dual para persoas con discapacidade intelectual- garantirase o mantemento do emprego a unhas 3300 persoas con dificultade para acceder ao mercado laboral por ter discapacidade ou estar en inclusión social. Actualmente, a Comunidade conta con 110 centros especiais de emprego e 12 empresas de inserción laboral.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

O Goberno galego fortalece, deste xeito, a protección deste colectivo tan vulnerable con medidas específicas tanto no eido da contratación como da formación; e ratifica o seu compromiso coa integración laboral tanto das persoas con discapacidade como en risco de exclusión, un obxectivo para o que este ano se reservan 42M€ en programas de apoio. Esta aposta permitiu que, por exemplo, se duplicase o número de persoas ocupadas en Galicia desde 2014.

Estas actuacións contribúen, ademais, a promover a economía social, un modelo centrado nas persoas, integrador, que proporciona emprego de calidade, contribúe a unha redistribución da riqueza máis equitativa, a fixar poboación e é máis resistente ás crises.

Galicia dá así continuidade ao seu compromiso coa economía social, que se materializa nun aumento do orzamento destinado a esta materia dun 80% desde 2016 -un 33% no último ano- e que se reflicte en iniciativas como a Lei, o Consello ou a Estratexia da Economía Social, ás que recentemente se sumou o Libro Branco.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

**A XUNTA IMPULSA UN PAQUETE EXTRAORDINARIO DE MEDIDAS DE CONCILIACIÓN DOTADO CON 40 MILLÓNS DE EUROS**

- *Lánzase un Bono coidado extraordinario para a infancia e para a dependencia, cun investimento de 29 millóns de euros, para cubrir a atención a domicilio que as familias contraten para o coidado dos seus nenos e maiores*
- *Habilítase un fondo dun millón de euros para axudar ás persoas dependentes ao pagamento de sesións de terapias de estimulación e rehabilitación*
- *Destínanse 10 millóns de euros para apoiar as escolas infantís e centros de día privados, coas actividades interrompidas por mor da pandemia*

O Consello da Xunta deliberou sobre un paquete extraordinario de medidas de conciliación dotado con 40 millóns de euros co obxectivo de atender ás necesidades que rexorden coa desescalada. A deliberación sobre estas medidas, que serán trasladadas á Mesa de Diálogo Social, coincide coa decisión de que as escolas infantís e os centros de día e ocupacionais de Galicia non retomen a súa actividade ata o curso que vén.

Esta decisión dáse a coñecer unha vez escoitada a comunidade médica e os representantes dos centros de día e das escolas infantís, tanto públicas como privadas, e as entidades de discapacidade. A conclusión é que aínda non hai a seguridade suficiente para que poidan reabrir, posto que nas primeiras é imposible manter a distancia social con nenos tan pequenos e nos centros de día os maiores reciben coidados e terapias que requiren proximidade.

A batería de medidas extraordinarias expostas esta mañá pola Xunta van destinadas a catro grupos: as familias con nenas e nenos de ata 12 anos, as rapazas e rapaces de entre 8 e 18 anos, as persoas maiores ou con discapacidade usuarias dun centro de día ou ocupacional e as empresas que xestionan escolas infantís e centros de día privados, que nestes momentos están nunha situación moi delicada a nivel financeiro que compromete a súa viabilidade.

**Bono coidado extraordinario**

Para o primeiro grupo, lánzase un Bono coidado extraordinario para a infancia cun investimento total de 18 millóns de euros. Este bono estará dotado de 500 euros ao mes, terá vixencia ata que reabran os centros e poderase aplicar con efectos retroactivos desde a declaración da emerxencia sanitaria o pasado 13 de marzo.

Poderán solicitar esta axuda todas as familias que teñan fillos de ata 12 anos. As condicións son que os proxenitores traballen fóra da casa, que os ingresos da familia non superen os 806 euros netos ao mes por membro e que os servizos de atención a domicilio se contratasen despois de declaración de emerxencia sanitaria.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

### **Mocidade e maiores dependentes**

Para as mozas e mozos de entre 8 e 18 anos organizaranse os campamentos de verán, que arrancarán a mediados de xullo, cun importante reforzo das medidas de seguridade. A Xunta está a dialogar co sector do tempo libre e a analizar as posibilidades dos albergues e campamentos para perfilar as características dunha campaña que se desenvolverá nunhas circunstancias extraordinarias.

En terceiro lugar, para as persoas maiores e con discapacidade que acudían a un centro de día ou ocupacional, o Goberno galego pon á súa disposición un Bono coidado extraordinario para a dependencia, cun investimento de 11 millóns de euros. Esta axuda será igualmente de 500 euros ao mes e poderá destinarse a servizos análogos aos do Bono coidado extraordinario para a infancia, pero orientados a persoas dependentes. Con esta medida cubrirase a atención que se contratase desde a declaración de emerxencia sanitaria ata que reabran os centros.

Así mesmo, aquelas persoas dependentes que precisen de atención terapéutica poderán acollerse a unha liña de axudas específica dotada dun millón de euros. Con estes fondos, a Xunta colaborará no pagamento de sesións de terapias de estimulación e rehabilitación por un prazo máximo de dúas semanas. O obxectivo é paliar ou reverter o deterioro que estas persoas puideron experimentar nas últimas semanas.

### **Apoio ás empresas do ámbito da conciliación**

En cuarto lugar, a Xunta presentou axudas para as empresas que atendían ás familias a través das súas escolas infantís e centros de día. A actividade destas empresas interrompeuse por mor da pandemia, deixándoas nunha situación incerta sobre a súa viabilidade ao non recibir ingresos e ter que soportar importantes custes fixos.

Por iso, as escolas infantís, espazos infantís e ludotecas privadas poderán beneficiarse dunha liña de axudas extraordinaria por un montante global de seis millóns de euros. Estas achegas están vinculadas a que os centros se acollesen á gratuidade para segundos fillos e sucesivos.

Pola súa banda, os centros de día privados accederán tamén a unha orde de axudas para facer fronte aos seus custes fixos durante a suspensión da actividade. Estímase que este apoio terá un importe de catro millóns de euros. Este paquete extraordinario para a conciliación familiar será trasladado á Mesa de Diálogo Social para a súa análise e aprobación definitiva.



## O SERGAS INVISTE MÁIS DE 700.000 EN EUROS EN MATERIAL SANITARIO E DE LABORATORIO PARA A LOITA CONTRA A COVID-19 EN OURENSE

- *Trátase de tres novos expedientes destinados á adquisición de material sanitario funxible, de laboratorio e diferentes materiais non inventariables*
- *O obxectivo desta compra é abastecer dos recursos necesarios ás unidades asistenciais da Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras á hora de combater ao coronavirus*

**Santiago de Compostela, 29 de maio de 2020.-** O Consello da Xunta autorizou esta mañá a tramitación de emerxencia de tres novos expedientes de contratación para subministrar materiais á Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras na loita contra a covid-19. O valor destas adquisicións ascende a un total de 701.870 euros.

O primeiro dos expedientes autorizados polo Consello está destinado á adquisición de material sanitario funxible por un total de 280.017 euros. Así, dentro deste orzamento, o Sergas destina 55.663 euros á compra de 1.236 dializadores; 29.014 euros á adquisición de 499.200 luvas de exame; o importe de 28.512 euros para dotar a área sanitaria ourensá de 1.200 novas bombas de infusión, a cantidade de 17.675 euros para mercar 32.396 batas protectoras, ou o importe de 15.764 euros para abastecer os centros sanitarios dos diferentes accesorios de hemodiálise. Así mesmo, o expediente tamén inclúe a adquisición de 12.200 catéteres intravenosos cun valor de 7.085 euros, 408 sensores de pulsioximetría valorados en 6.526 euros, ou a adquisición de 2.770 contedores de residuos cun valor de 8.944 euros, entre outros.

O segundo dos expedientes recolle un investimento de 371.694 euros para o subministro de material de laboratorio. Neste eido, é salientable o investimento efectuado polo departamento sanitario galego, para adquirir diferentes kit de detección do virus SARS-CoV2. O Sergas destina 203.473 euros á adquisición de 152 kits de detección PCR-RT covid-19, a cantidade de 84.367 euros para mercar 107 kits de extracción de ácidos nucleidos; 24.109 euros destinados á compra de 80 kits de detección IGG covid-19, ou 4.646 euros en 32 kits enzima proteinasa K. No expediente tamén se inclúe unha partida de 10.753 euros para adquirir 20 kits do virus papiloma humana e 9.740 euros para dotar á área de 35 kits de detección da gripe A.

O derradeiro expediente aprobado hoxe, para combater ao coronavirus na área sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras, conta cun investimento de 50.159 euros, e ten por obxecto a adquisición de diferente materiais non inventariables. Entre os mesmos, inclúese material destinado á conservación e reparación de inmobles, material de oficina de tipo informático e ordinario; instrumental e pequenos utensilios sanitarios, ou diversos materiais de consumo de carácter periódico



XUNTA  
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A adquisición de todo este material xustifícase dentro do protocolo de actuación para facer fronte á epidemia da Covid-19 que elaborou o Comité de expertos no seguimento do coronavirus, e que contempla, entre outras medidas, a necesidade de abastecer e facer provisión de materiais e recursos necesarios aos centros sanitarios galegos, ante a impredecible evolución da pandemia e a gran demanda destes produtos a nivel mundial.



UNIÃO EUROPEA

FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REXIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

**SANIDADE DESTINA 370.000 EUROS Á ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO PARA LOITAR CONTRA a COVID-19 NA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE**

- *A meirande parte deste orzamento destinase a casacas e pantalóns, artigos de hostalería desbotables, ordenadores portátiles e impresoras, así como ao reforzo dos servizos de limpeza en diversas ubicacións*
- *O destino deste material son o proxecto do dispositivo extraordinario de atención de emerxencia, o proxecto de ampliación da unidade de críticos e o proxecto de adaptación do laboratorio de microbioloxía na área sanitaria*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a tramitación de emerxencia de dous expedientes de contratación para subministrar material á Área Sanitaria da Coruña e Cee e reforzar o servizo de limpeza fronte á covid-19. O valor destas contratacións ascende a un total de 368.170 euros.

O primeiro destes expedientes ten un orzamento de 320.164 euros e é para a compra de lencería, artigos de hostalería desbotables e para reforzos dos servizos de limpeza na Área sanitaria coruñesa por mor da covid-19. A lencería é a que se leva a meirande parte deste presuposto, cun total de 195.532 euros. O total desta cantidade destínase á adquisición de pantalóns e casacas, agás 35.619 euros para colchóns e 7.652 euros que son para a compra de etiquetas.

Neste expediente tamén se destina unha partida orzamentaria de 114.002 euros ao reforzo de limpeza por mor da covid-19, en distintas quendas, en centros de saúde, puntos de atención continuada (PAC) e hospitais da Área sanitaria coruñesa. Completa o presuposto deste expediente a parte dedicada a material de hostalería, tales como bandexas de cartón, carros de polietileno e cubertos desbotables por un total de 10.629 euros.

O segundo dos expedientes autoriza a adquisición de material informático destinado ao proxecto do dispositivo extraordinario de atención de emerxencia, o proxecto de ampliación da unidade de críticos e o proxecto de adaptación do laboratorio de microbioloxía na Área sanitaria da Coruña e Cee. Neste caso son 48.006 euros que se destinan a adquisición de impresoras, tablets, portátiles e monitores entre outros aparellos.

A adquisición de todo este material xustifícase dentro do protocolo de actuación para facer fronte á epidemia da covid-19 que elaborou o Comité de expertos no seguimento do coronavirus, e que contempla, entre outras medidas, a necesidade facer provisión de materiais e recursos necesarios. O Comité de expertos está formado pola Dirección Xeral de Saúde Pública e a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria da Consellería de Sanidade, a Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061, representantes das





XUNTA  
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Áreas Sanitarias e representantes médicos especialistas en enfermidades infecciosas e de urxencias hospitalarias.



UNIÃO EUROPEA

FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REXIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

**A XUNTA E AS ENTIDADES FINANCEIRAS ACORDAN ABRIR PRÉSTAMOS A INTERESE CERO PARA QUE OS AGRICULTORES Poidan PERCIBIR O ANTICIPO DE 210 M€ DAS AXUDAS DA PAC**

- *O Consello autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e varias entidades para habilitar estes empréstimos, que os interesados deberán solicitar antes do vindeiro 31 de xullo*
- *Os beneficiarios non terán que aboar nada, xa que a Xunta asumirá a única comisión inicial de apertura do 1%*
- *Esta medida forma parte do Plan de liquidez posto en marcha polo Goberno galego para anticipar o pago de preto de 300 millóns de euros correspondentes a diferentes liñas de axudas que xestiona Medio Rural*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e diferentes entidades financeiras para abrir unha liña de préstamos a interese cero co fin de que os agricultores e gandeiros galegos poidan percibir o anticipo das axudas da Política Agraria Común (PAC). As entidades participantes son Abanca, Caixa Rural Galega, Sabadell, Santander e CaixaBank.

O acordo atinxe aos beneficiarios das axudas directas da PAC que subscriban os seus préstamos persoais polo importe para percibir con algunha destas entidades financeiras, que participarán nesta liña de empréstimos cun importe máximo de ata o 90% do valor total dos dereitos de pago básico e do resto das achegas directas asociadas.

A duración máxima dos préstamos será de 12 meses, a un tipo de interese do 0%. Aplicarase unha única comisión máxima inicial de apertura do 1% do importe do préstamo, que será subsidiada integramente pola Consellería do Medio Rural. Así, a Xunta publicará no DOG unha orde de axudas directas que beneficiarán aos asinantes dos préstamos e estes, polo tanto, non terán que aboar nada. Ademais, a medida incluírá tamén aos beneficiarios das axudas que xa tivesen asinado préstamos a día de hoxe, de xeito que a Xunta lles aboará tamén o 1% do importe do préstamo.

Os interesados deberán realizar a correspondente solicitude do préstamo –consonte ao modelo establecido ao efecto– antes do 31 de xullo de 2020, sendo o prazo máximo para a formalización da operación de 15 días a partir da data de petición e unha vez que a entidade financeira dispoña de toda a información e documentación requirida ao solicitante.

**Apertura**

As entidades asinantes comprométese, ademais de a formalizar os préstamos, a notificar á Consellería os datos dos beneficiarios, importes e datas de formalización. Pola súa banda, Medio Rural asumirá o custo da referida comisión de apertura e tamén porá a disposición das entidades que o soliciten, previa autorización dos solicitantes dos



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

préstamos, información do importe potencial das axudas directas correspondentes á PAC, en función dos dereitos de pago básico dispoñibles na súa base de datos.

O empréstimo será amortizado no momento do cobro da subvención obxecto do pago, o cal suporá a cancelación inmediata, mediante o abono da citada achega na conta vinculada ao préstamo e de domiciliación da axuda. En caso de perda do dereito ao cobro, ou reintegro total ou parcial da axuda, o beneficiario deberá cancelar o préstamo mediante abono á entidade financeira da totalidade do seu importe.

Neste caso, a comisión de apertura do préstamo non será financiada pola Consellería do Medio Rural, sendo o seu pago a cargo do beneficiario. Polo tanto, o titular do préstamo deberá ter domiciliada a axuda nunha conta da entidade financeira coa que o teña formalizado, que funcionará como conta vinculada ao empréstimo.

### Plan de liquidez

Esta medida forma parte do Plan de liquidez posto en marcha pola Xunta para anticipar o pago de preto de 300 millóns de euros correspondentes a diferentes liñas de axudas que xestiona a Consellería do Medio Rural co obxectivo de inxectar liquidez aos agricultores, gandeiros e silvicultores afectados pola emerxencia sanitaria. Deste importe, arredor de 210 millóns de euros corresponden ás axudas directas da PAC.

Este Plan de liquidez púxose en marcha o pasado venres coa publicación no DOG da orde que axiliza o pagamento de subvencións xa concedidas pero que están pendentes de comprobación en campo e o anticipo das axudas agrícolas, gandeiras e de desenvolvemento rural cofinanciadas por fondos europeos.

Así mesmo, unha das actuacións destacadas deste plan é este convenio coas entidades financeiras para o anticipo das achegas da PAC.